

MEMORIA DE ACTIVIDADES

2022

CENTRO DE DÍA

• amoralia •

ÍNDICE

	INTRODUCCIÓN	3
	RECURSOS HUMÁNS	4
XESTIÓN DE SOLICITUDE DE INFORMACIÓN		5
	PROGRESIÓN DE INGRESOS	6
	PERFIL DE USUARIOS	7
	ANÁLISE DE BAIXAS	9
PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES		10
	ACTIVIDADES EXTRAORDINARIAS	12
	XESTIÓN DO TRANSPORTE	19
	MANUTENCIÓN	20

INTRODUCCIÓN

AMORALIA Centro de Día atópase no Concello de Tui, nunha zona tranquila pero ben comunicada. Trátase dun edificio de recente construción ideado para dar facilidades aos nosos usuarios/as e conseguindo un ambiente acolledor, moderno, de fácil acceso e gran habitabilidade.

O centro ten autorización para unha capacidade de 58 persoas prestando atención diúrna de luns a venres en horario de 08:30 a 19:30. Ofrécese atención personalizada ás capacidades, necesidades e intereses dos nosos usuarios/as e das súas familias a través de servicios especializados, co compromiso permanente de acadar os máximos niveis de calidade.

Durante o 2022, seguimos centrando os nosos esforzos na xestión da situación de pandemia por COVID-19, para así minimizar o risco de contaxio e estar preparados para aparición de posibles casos: elaboración e/ou adaptación dos protocolos (de desinfección, prevención, organización, visitas, etc.), adaptación dos servizos, novas propostas... A pesar das circunstancias sempre velamos, na medida do posible, por ofertar un servizo activo e atractivo para os nosos usuarios e as súas familias.



En AMORALIA Centro de Día proporciónanse un amplo abano de actividades e servizos para conseguir que os nosos usuarios/as manteñan e/ou melloren o seu grado de autonomía, tanto a nivel cognitivo como físico. Entre eles podemos citar:

Atención Rehabilitadora

- Atención persoal e coidados xeriátricos
- Terapia ocupacional
- Ximnasia xerontolóxica
- Rehabilitación das ABVD e das AIVD.

Atención Psicosocial

- Atención psicolóxica
- Animación
- Ocio

Servizos complementarios

- Podoloxía
- Perruquería
- Comedor
- Transportes adaptados...

RECURSOS HUMÁNS

CAMINO COGOLLUDO, ROSA
DIRECTORA/PSICÓLOGA

BAZ FERNÁNDEZ, ÁNGELA
ANIMADORA SOCIOCULTURAL

BELLO GÓMEZ, SILVIA
TERAPEUTA OCUPACIONAL

MELO MARTÍNEZ, MARÍA VICTORIA
AUXILIAR DE XERIATRÍA

GÓMEZ ESTÉVEZ, ROCÍO
AUXILIAR DE XERIATRÍA


MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, SILVIA
AUXILIAR DE XERIATRÍA

ÁLVAREZ VILA, PILAR
AUXILIAR DE XERIATRÍA

CASTIÑEIRAS FERNÁNDEZ, ALBA
AUXILIAR DE XERIATRÍA

XESTIÓN DE SOLICITUDE DE INFORMACIÓN

SOLICITUDE DE INFORMACIÓN



MES	Nº DE SOLICITUDES INFORMACIÓN	Nº DE SOLICITUDES CONVERTIDAS EN INGRESOS
XANEIRO	5	1
FEBREIRO	4	3
MARZO	4	4
ABRIL	2	1
MAIO	6	4
XUÑO	3	2
XULLO	3	1
AGOSTO	1	1
SETEMBRO	3	2
OUTUBRO	3	0
NOVEMBRO	2	3
DECEMBRO	2	1

PROGRESIÓN DE INGRESOS

MES	Nº USUARIOS/AS	Nº INGRESOS	Nº BAIXAS	Nº XORNADAS CON COMIDA	Nº XORNADAS PARCIAIS
XANEIRO	48	1	3	26	22
FEBREIRO	49	3	6	29	20
MARZO	50	4	2	31	19
ABRIL	47	1	1	28	19
MAIO	49	4	2	29	20
XUÑO	52	2	0	32	20
XULLO	50	1	3	31	19
AGOSTO	48	1	0	30	18
SETEMBRO	51	2	1	32	19
OUTUBRO	51	0	2	32	19
NOVEMBRO	53	3	1	32	21
DECEMBRO	50	1	1	28	22


PERFIL DE USUARIOS

Na seguinte táboa especificácase o número de usuarios por sexo, tendo en conta tódalas persoas que foron usuarios/as no 2021, polo que se inclúen aquelas que xa foron baixa.


Nº DE USUARIOS MULLERES 55

Nº DE USUARIOS HOMES 20

USUARIOS POR IDADES




USUARIOS POR SEXO




Respecto á procedencia, as persoas que asisten ó Centro de Día Amoralia residen nunha ampla maioría no concello de Tui. Ademais acoden persoas de outras localidades como Tomiño, Porriño ou Salvaterra do Miño.

USUARIOS POR LOCALIDADES



Se temos en conta o grado de dependencia dos nosos usuarios, en función da puntuación acadada na escala Barthel, case o 50% teñen dependencia leve.

USUARIOS POR LOCALIDADES




ANÁLISE DE BAIXAS

FALECIMENTO	4
EMPEORAMENTO DA SÚA SAÚDE	10
CAMBIO DE RECURSO	4
NON ADAPTACIÓN AO CENTRO	-
TRASLADO DE DOMICILIO	-
INSATISFACCIÓN DOS SERVIZOS DO CENTRO	-
MELLORÍA DA SÚA SAÚDE	-
MOTIVOS ECONÓMICOS	0
OUTRAS (INDICAR)	4

Cabe destacar que ningunha das baixas foi por desconformidade co centro. Cando dicimos “outras” no análise de baixas, os motivos fundamentais foron o medo ó contaxio por COVID-19 e o cambio de certas circunstancias familiares.

MOTIVO DA BAIXA



PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

O ano 2022 continuou sendo un ano especial como o seu predecesor, aínda que pouco a pouco imos retomando a normalidade previa á crise sanitaria do COVID-19. Este ano volvemos retomar as actividades grupais, comezamos a realizar algunha pequena saída na contorna e volvemos a celebrar as datas como nos anos anteriores a pandemia.

ACTIVIDADES DIARIAS DESENVOLTAS EN HORARIO DE MAÑÁ

A mañá comeza co taller de Estimulación Cognitiva. Nel trabállanse diferentes aspectos coma o cálculo, a lectoescritura, a atención, a memoria ou o razoamento a través dun caderno de actividades individualizado, acorde ó deterioro cognitivo de cada persoa. Posteriormente, e tralo tentempé de media mañá, poténciase a actividade física a través do tempo libre para o paseo no centro de día ou no xardín (se as condicións climatolóxicas o permiten). Tras estirar as pernas, realízanse outras actividades de psicomotricidade e de ocio.

A continuación, e co grupo xa completo, ten lugar a Orientación á Realidade. Nesta actividade empréganse un conxunto de técnicas (traballo co calendario, santoral e festividades de cada día, efemérides, etc.) coas que a persoa toma conciencia da súa situación no tempo (orientación temporal), no espazo (orientación espacial) e respecto á súa propia persoa (orientación persoal).

Por último, e para finalizar a xornada de mañá, comeza a Xerontoximnasia, co fin de manter e/ou mellorar as funcións motoras das persoas usuarias.

ACTIVIDADES DIARIAS DESENVOLTAS EN HORARIO DE TARDE

Polas tardes mantense a rutina de actividades da mañá. A primeira hora realízanse tarefas relacionadas coa estimulación cognitiva, para logo dar paso á xerontoximnasia. Despois da merenda teñen lugar outro tipo de actividades, levadas a cabo dentro dun marco máis distendido; están relacionadas coa psicomotricidade e co ocio como poden ser os xogos cooperativos.

Cabe destacar, pola súa banda, que tanto en quenda de mañá coma de tarde se realizan outras actividades, en función do día da semana, tales coma o bingo, as manualidades, tarefas manipulativas, musicoterapia, etc. Todas elas co fin de que as persoas que veñen a media xornada poidan gozar do mesmo tipo de actividades que as persoas de xornada completa.

PROGRAMACIÓN DE TEMPADA

No centro de día Amoralia leváronse a cabo diferentes actividades en función da época estival. Para elo, tivéronse en conta as capacidades, gustos e preferencias das persoas usuarias. O que se intenta con esta programación é estimular compoñentes como a atención, coordinación, orientación temporal, capacidade de dar continuidade a unha actividade, psicomotricidade ou traballo en equipo. Elaboramos distintas decoracións para o Nadal, Samaín, Entroido, primavera




ACTIVIDADES EXTRAORDINARIAS

REIS (04/01/2022)

Con motivo da celebración do día de Reis, falamos da tradición dos Reis Magos, das súas comidas, agasallos, etc. Amenizamos o día con música propia da data e celebramos a festividade cunha merenda especial que incluía o famoso roscón de reis. Ademais tivemos un bingo especial.

SAN VALENTÍN

Tamén quixemos dedicar tempo ó amor na nosa programación anual, e que mellor xeito que celebrar o Día dos Namorados. Fixemos unha actividade na que falamos dos distintos tipos de amor e das diferentes formas de expresalo. Ademais os nosos usuarios escribiron as súas píldoras do amor, escribindo aquilo que significa o amor para eles.



O GRAN CAMIÑO (24/02/2022)

Con motivo do paso da Volta ciclista a Galicia, “O Gran Camiño”, un grupo de usuarios realizou unha saída pola contorna do centro para ver o paso do pelotón a súa entrada en Tui. Podendo animar os corredores o seu paso.



ENTROIDO (24/02/2022)

Coma primeira actividade do Entroido xogamos a un bingo con premios moi especiais: distintos produtos para a elaboración de doces típicos desta época.



ENTROIDO (25/02/2022)

Despois destes anos sen poder celebrar as ocasións especiais, este ano recuperamos a tradicional festa de disfraces do centro. A temática do Entroido deste ano foi “As consultas externas de Amoralia”, integrando este ano as mascarillas coma parte do noso disface. Gozamos dunha deliciosa merenda de Entroido (orellas, filloas, flores...) e fixemos unha festa con baile



DÍA DA MULLER (08/03/2022)

Con motivo do día da muller os usuarios escribiron as súas frases reivindicativas a favor da igualdade e en contra da violencia cara as mulleres.




FESTAS PATROAIS DE SAN TELMO (19/04/2022)

Nesta data, anterior ó luns de San Telmo, contamos coa visita da “Coral polifónica Ponte das Febres” de Ribadelouro, que nos amenizou a tarde cun pequeno concerto.



DÍA DA NAI (29/04/2022)

Polo día da nai, as mulleres usuarias do centro escribiron frases sobre o significado de ser nais, destacando o amor polos fillos e sobre todo polos netos.



SAN XOÁN (23/06/2022)

En xuño celebramos a festividade de San Xoán, fixemos a noso cacho de herbas particular o día anterior para deixalo toda a noite á intemperie e ó orballo, e neste día lavamos a cara con esa auga. Así, “en San Xoán as bruxas fuxirán”.

Tamén escribimos os nosos desexos en papeis e os queimamos nunha pequena cacharela y fixemos unha queimada co seu conxuro.

DÍA DO APÓSTOLO (26/07/2022)

Polo día do Apóstolo Santiago celebramos o Día de Galicia cun taller de memoria especial sobre os lugares famosos da nosa comunidade, galegos ilustres e o nos escudo e bandeira.



RECICLAXE ECOEMBES (27/10/2022)

Ecoembes viu o centro a falar sobre o reciclaxe e realizar diversas actividades cun grupo dos nosos maiores. Os maiores contaron os seus hábitos de reciclaxe na casa e realizaron un bingo relacionado co tema.



SAMAÍN (28/10/2022)

Para celebra o Samaín este ano decoramos o centro e disfrazamos os nosos usuarios con atrezzo da época e fixemos un bingo especial por este día que é a actividade preferida dos usuarios do noso centro. Por suposto, degustamos unha merenda especial propia destes días



ACTUACIÓN DE NADAL (20/12/2022)

Para celebrar o comezo da época de Nadal, contamos coa visita da “Coral polifónica San Telmo”, que nos amenizou a tarde cun pequeno concerto.

NOITEBOA (23/12/2022)

Na festa de Noiteboa cantamos panxoliñas e xogamos un bingo no que os premios eran produtos propios destas datas. Como non podía ser de outra maneira, gozamos dunha merenda de doces propios da época (turrón, panettone, polvoróns, améndoas recheas...).

Ademais, as persoas usuarias levaron para a casa un recordo de Nadal (elaborado por eles/as) así como unha postal para felicitarlle as festas ás súas familias

FIN DE ANO (30/12/2022)

Na festa de fin de ano comemos as uvas ó son das campás, brindamos con “Champín” e fixemos un bingo especial no que se sortearon distintos produtos no Nadal.



BAILE (XOVES E VENRES)

Os xoves pola tarde e os venres pola mañá (quincenalmente e alternando coa musicoterapia) levamos a cabo o Taller de Baile. Os nosos usuarios escollen un tema e facemos unha coreografía, composta de pasos sinxelos e limitados, que inclúen exercicios de coordinación, ritmo, equilibrio, etc. (algúns deles propios do merengue, a salsa, bailes tradicionais...). Levamos a cabo unha contextualización do tema, un quecemento, o baile (repetímolo en varias ocasións) e estiramientos. Finalmente, facemos unha posta en común do realizado, e en ocasións, gravámolo para que os usuarios poidan velo e así facelos aínda máis partícipes da actividade.

MUSICOTERAPIA (XOVES E VENRES)

Pola súa banda, os xoves pola tarde e os venres pola mañá (quincenalmente e alternando co baile) ten lugar o Taller de Musicoterapia. Previamente, as persoas usuarias escollen unha canción significativa para elas. Logo, cada día, preparamos a letra dunha e cantámola en grupo aproveitando para falar un pouco do/a intérprete, o estilo musical, o significado da letra, etc. Algún día incluimos instrumentos para amenizar a canción.

TALLER DE MEMORIA (MARTES)

Tódolos martes de 16h a 17h lévase a cabo o taller de memoria co grupo de normalidade cognitiva. Faise nun grupo reducido (de ata 10 persoas como máximo) e nel traballamos diferentes capacidades de forma máis individualizada: memoria (visual, auditiva, a corto prazo...), categorización, linguaxe, orientación temporoespacial, atención, concentración, etc.



ANIVERSARIOS (PERIODICAMENTE)

Ó longo do ano celebramos os aniversarios de tódalas persoas usuarias do Centro de Día Amoralia con comida, candeas e música.

ACTIVIDADES NO XARDÍN

Cando fai bo tempo saímos a pasear ó xardín. En ocasións tamén aproveitamos para xogar á petanca. Pasamos bos momentos en grupo, gozando do sol e das boas temperaturas.



XESTIÓN DO TRANSPORTE

NÚMERO DE RUTAS Ó
DÍA A 31.12.22

5 RUTAS : 2 pola mañá, 1 a
mediodía e 2 pola tarde

NÚMERO DE USUARIOS CON
TRANSPORTE A 31.12.22

14

NÚMERO DE VEHÍCULOS Ó
DÍA A 31.12.22

1

MANUTENCIÓN

MODO DE XESTIÓN DO XANTAR

NÚMERO DE USUARIOS DO
CATERING A 31.12.22

28

GRACIAS.

CALLE VIRGEN DEL CAMINO, 6 (REBORDANES)
36700 TUI, PONTEVEDRA
986 60 51 52